



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU96505:34
SITUACIÓN: RAFAEL FERNANDEZ CARDOSO, 20-4ºB - RIBADEO

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo de data 18 de xaneiro de 2019 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU96505:34, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Con data 18 de xaneiro de 2019 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a JONATAN NEBREDA MOYANO (núm. de credencial 87712), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designada adquirente.

En consecuencia, a xefa territorial

ACORDA:

Declarar directamente adquirentes a don JONATAN NEBREDA MOYANO e dona SUSANA LÓPEZ DÍAZ (núm. credencial 87712)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 12 de marzo de 2019.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Margarita López Blanco

(Asinado electronicamente).

